

NECESIDADES ESPECÍFICAS DA ÁREA DE TECNOLOXÍA PARA UN CORRECTO DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

1. **Aplicación dos desdobres en todas as horas de tecnoloxía.** Na área de tecnoloxía trabállase segundo o *método de proxectos*, metodoloxía a través da que se integran e relacionan entre si os diferentes bloques de contidos aportando cohesión a área, e que proporciona ó alumnado as destrezas básica para enfrontarse á solución de calquera problema tecnolóxico que se lle plantexe. Esta metodoloxía resulta totalmente imposible de aplicar en grupos de máis de 20 alumnos/as e, por tanto, solicítase poder desdobrar as clases no caso de grupos máis numerosos. Estes desdobramentos deben realizarse en todas as horas, pois a metodoloxía debe aplicarse ao longo de toda a semana, e non en horas dispersas.
2. **Dotación segundo o currículo actual das aulas talleres de tecnoloxía.** A dotación das aulas – talleres de tecnoloxía debe ir parella a toda modificación do currículo que se faga. Na anterior actualización do currículo introducíronse contidos referentes a electrónica, control e robótica, tecnoloxías da comunicación... todos eles contidos que axudaron a actualizar un currículo coas tecnoloxías máis presentes na sociedade actual pero que non veu acompañada por unha nova dotación dos talleres de tecnoloxía, feito que fixo practicamente imposible cumprir cos obxectivos marcados no mesmo ademais de deixar o equipamento destes totalmente obsoleto.
3. **Actualización dos programas de formación do profesorado.** Toda modificación do currículo debe ir acompañada con plans de reciclaxe e formación do profesorado, tanto para o profesorado que xa está en activo como para os que se vaian incorporando cada nova oposición.
4. **Impartición da área de Tecnoloxía nos Programas de Diversificación Curricular fóra do grupo de referencia.** A área de tecnoloxía ten tres orientación claras: cara a unha formación profesional de grao medio de carácter técnico, cara a un bacharelato de ciencia e tecnoloxía para aqueles alumnos que desexen encamiñase a carreiras técnicas ou realizar unha FP de grao superior de carácter técnico ou, por último, para a inserción no mundo laboral. A diferencia co resto do alumnado de 3º e 4º que teñen dous cursos para plantexarse o seu futuro, a orientación do alumnado que cursa os Programas de Diversificación Curricular é claramente cara a cara a realización dunha FP de grao medio ou cara á incorporación ao mundo laboral, unindo isto xunto coas dificultades de aprendizaxe que presenta o alumnado destes programas, fai que consideramos necesario que o ensino da tecnoloxía se faga fóra do grupo de referencia e baseándose nun documento de mínimos elaborado a partir do currículo oficial.